



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Inglés técnico-xurídico para o sector público

CONVOCATORIA: IDIOMAS, convocatoria

GRUPO: Portal de Idiomas

ÁREA: Portal de idiomas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	50
-----------------------	----------------	--------------	---------------	---------------	----

ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
------------------------	-------------	----------------	-----------	-------------	------

MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN + TELEPRESENZ	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1
-------------------------	-----------------------------	-------------------	-------	------------------	---

DATA MATRÍCULA: Do 12/02/2026 - 09:00h ao 18/02/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

NOTAS IMPORTANTES!

- O número máximo de actividades de formación continua, en materia de idiomas, que se pode solicitar límitase a tres (3).
- A proba de nivel dos cursos da modalidade de telepresenza realizarase con anterioridade ao comezo da actividade, na aula virtual, co fin de que a persoa docente coñeza o seu nivel lingüístico, e poida formar un grupo homoxéneo e completar o proceso de selección.
- As persoas preseleccionadas recibirán un correo electrónico coas instrucións para a súa realización. De recibir esta notificación e non quere realizar á proba de nivel nin o curso solicítase que nos remita comunicación de que desiste da súa solicitude.

Introducir ós alumnos ás ferramentas lingüísticas necesarias para comunicarse e traballar en inglés de forma efectiva nun contexto profesional do ámbito da administración pública e as políticas públicas. O curso busca o desenvolvemento das catro destrezas lingüísticas (lectura, comprensión auditiva, comunicación oral e comunicación escrita), cun énfasis no inglés utilizado no ámbito administrativo e legal europeo, e principalmente na Unión Europea.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais; da Administración de xustiza e persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG).

PROGRAMA

O curso traballará sobre áreas temáticas, canáis de comunicación e habilidades de particular relevancia para o profesional da administración pública, entre eles:

- O sistema legal e administrativo español.
- Os sistemas legais e administrativos doutros países.
- O sistema legal e administrativo da Unión Europea.
- Os programas da Unión Europea.
- A linguaxe do procedemento administrativo.
- Os textos legais.
- Os documentos administrativos.
- Os formularios administrativos.
- A carta formal.
- O correo electrónico formal e informal.
- Networking profesional.

- Participación en reunións profesionais formais e informais.
- Espoñendo, defendendo e rebatindo argumentos técnicos.
- Presentacións técnico-profesionais efectivas.
- Deseño e xestión de proxectos.

A temática de polo menos unha sesión quedará aberta para acomodar temas adicionais que os alumnos soliciten por ser relevantes ó seu traballo.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

De ser necesario farase un exame escrito e oral, na aula virtual, con anterioridade ao inicio do curso, co propósito de seleccionar un grupo homoxéneo.

Para a realización da proba e do curso precisa de auriculares e micrófono.

3. DATOS EDICIÓNS

MIXTO1

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN + TELEPRESENZA

INICIO / FIN: 14/09/2026 a 30/10/2026

NUM. PRAZAS: 20

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME: 05/11/2026 ás 16:30h

DOCENTES NOMEADOS

Amy Jean Grant

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: Os días 16, 23 e 30 de setembro de 16:30 a 19:00. Os días 07, 14 e 21 de outubro de 16:30 a 19:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Proba final en liña.